

LIBROS

Tecnoloxía e meta-poesía


A inquietude é se cadra unha das características máis destacábeis da proposta literaria de Fran Alonso, sempre nas marxes de modas e xeracións, e sempre preocupado por proxectos que buscan algo máis na comunicación literaria. Esa característica declarada de pioneiro é a que ten *Poétic@*, a súa nova proposta. Ou o seu novo libro, se como tal o podemos considerar.

Naturalmente a escrita na rede, ben como unha mera plataforma na que compartir contidos convencionais, ben como centro de experimentación para formatos comunicativos, non é algo exactamente novo na poesía galega. Son moitas as voces autorais que teñen compartido as súas creacións por este medio, tanto persoas con dificultades para acceder á edición convencional como voces consagradas. Ao mesmo tempo, a súa faceta exploratoria tamén tivo momentos interesantes. Hai case dez anos, Eduardo Estévez aproveitaba a efervescencia dos blogs para empregar a súa estrutura na confección dun poemario que compartía as distintas versións dos poemas, someténdoo á votación e o debate das persoas lectoras. O libro que produciu esa experiencia chamouse *En construción* e fíxose famoso cando lle foi retirado o XIV Premio González Garcés ao considerar o xurado que o

proceso creativo na rede contaba como unha edición previa dos poemas.

Esta experiencia non acabou co romance da poesía galega e a rede, pero sería inxenuo dicir que esta non acusou o golpe e que o feito non frustrou outras experiencias experimentais dese tipo. Neste sentido, resulta sempre algo pouco habitual que sexa unha persoa cunha traxectoria literaria consagrada a que aborda unha aventura que non é só creativa, senón que inclúe elementos de tipo editorial que poden comprometer o futuro da obra. O propio Fran Alonso confesa que este *Poétic@* ía ser publicado por 2.0 editora, aínda que finalmente el decidiu facerse cargo de todo o proceso, tamén dos gastos da súa edición na rede. O poeta ten que ser tamén editor.

A poesía que ofrece o autor dende *Poétic@* vai na liña experimental que se agarda polo seu contexto. Achégase por unha banda á corrente europea da renovación formal, que asoma en versos que se moven e rompen a estrutura convencional. Por outra parte, nútrese da principal vantaxe que ofrece o formato electrónico, o hipertexto, empregado para inzar os poemas de meta-referencias que non paran nos versos e inclúen tamén imaxes, vídeo e audio. Moito deste material complementario é realizado polo propio autor, aínda que o xogo establecido pola obra establece un diálogo con elementos publicitarios que fan que nos asalten ocasionalmente cancións de anuncios e outros elementos deste tipo. Tamén abundan as referencias a outras voces, moitas veces en



Poétic@

Fran Alonso

POETICA.GAL, 2015

De balde, 119 "páxinas"

forma de citas que en ocasións nos dirixen a páxinas con biografías, vídeos ou poemas destas. Existe, ademais, unha referencia constante a elementos da rede, aludindo a elementos como virus, spam, likes e comentarios.

O contido dos poemas entróncase na tradición galega da poesía irónica, a medio paso do humor e enfrontada cunha concepción ritualizada e cerimoniosa da literatura. Unha poesía que moitas veces é meta-poesía, xa que impugna constantemente discursos e referencias máis serias.

O resultado de *Poétic@* é meritório en canto pioneiro doutras experiencias. Constatado este feito, botamos en falta que se lle saque un maior partido ás novas ferramentas. O texto resultante imita un libro convencional, con li-

gazóns complementarias, pero sen unha das apostas máis orixinais que ofrece o hipertexto: as opcións que permiten lecturas diversas, aleatorias ou non lineais. Non hai moitas máis opcións que seguir da primeira á última páxina numerada, aceptando ou non algún desvío ocasional, sempre indicado explicitamente polo autor e do que deberamos regresar a esa linealidade orixinal (cousa que ás veces non é fácil). Da mesma forma, a pesar de imitar os contidos sociais da rede 2.0, estes e a interacción creativa dos lectores están en xeral ausentes do proxecto, que remite directamente a correos, contas de twitter e outros foros externos.

De todas formas, *Poétic@* é unha peza máis na orixinal traxectoria de Fran Alonso, unha peza que é parte dunha forma de entender a creación literaria tan escasa como necesaria, á que a entende como un territorio a explorar coa actitude do aventureiro audaz.

Mario Regueira



Sermos Galiza, 2/7/2015